

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	CEE
<b>Edificio</b>	Igrexa de Santa Baia de Brens
<b>Dirección</b>	A Grixá, s/n. 15298
	42.950654012414894 -9.172900825565216
<b>Protección</b>	
<b>Descrición</b>	<p>Situada na marxe esquerda da ría de Corcubión, a Igrexa de Santa “Eulalia” de Brens consta dunha capela maior rectangular e un corpo basilical dividido en tres naves, froito dunha ampliación sufrida no ano 1956. A nave central, orixinal, é máis ancha cas laterais. A sancristía está apegada á capela maior polo seu lado norte e comunica directamente coa sancristía. A capela maior cóbreuse con bóveda de canón de cantería. Ós pés da igrexa aparece un coro alto ó que se accede por unha escaleira que discorre polo interior da torre. Chama a atención a presenza dun ciborio moderno sobre o cruceiro con forma de torre e rematado por un tellado a catro augas. As naves laterais divídense en tres tramos e cóbreuse con bóvedas de formigón recentes. O exterior da capela maior é de perpiaños ben labrados en perfecta estereotomía e cóbreuse cun tellado a dúas augas. A fachada principal seguía un esquema pentagonal, hoxe un tanto desvirtuado pola ampliación do templo. A torre de campás está apegada ó muro sur sendo de planta cadrada. Ten dous corpos: o inferior formado por catro arcos de medio punto sobre piares e o superior, coroado cunha lanterna rematada por un pináculo e adornada con outras máis pequenas de estilo barroco.</p> <p>No interior destaca o retablo maior que se divide como é habitual en predela, corpo central e ático. Este retablo vincúlase pola súa decoración cos artistas composteláns Casas e Novoa e Simón Rodríguez. Así, apreciamos elementos decorativos típicos dos mestres citados, como orelleiras, estípites, froitas carnosa, placas... A fornela do pano central do corpo principal está presidida pola imaxe de Santa Eulalia con coroa de prata, palma de martirio e libro. É unha fermosa escultura barroca de excelente talla, con dobras moi delicadas.</p>
<b>Campás</b>	2 cmpás.
<b>Fotos</b>	6
<b>Toques actuais de campás</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autors da documentación</b>	BERNAL TORTOSA, Vicente Jesús / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA
<b>Data</b>	13-12-2021

## Campás actuais

<b>Localización</b>	<b>Campá</b>	<b>Fundidor</b>	<b>Ano de fundición</b>	<b>Diámetro (en cm)</b>	<b>Peso</b>
Torre-campanario	<a href="#"><u>Campá menor (1)</u></a>	<a href="#"><u>LISTE VILLANUEVA, JOSÉ (PARROQUIA DE ORAZO)</u></a>	1906	65	159
Torre-campanario	<a href="#"><u>Campá maior (2)</u></a>	<a href="#"><u>LISTE VILLANUEVA, JOSÉ (PARROQUIA DE ORAZO)</u></a>	1906	81	308

Información completa: [Igrexa de Santa Baia de Brens - CEE \(GALICIA\)](#)

PDF (19-05-2026)